

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

1786 *Orde DEF/112/2019, do 8 de febreiro, pola que se modifica a Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas.*

O artigo 22.3 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, dispón que os militares teñen dereito a desfrutar dos permisos, vacacións e licenzas establecidos con carácter xeral para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, coas necesarias adaptacións á organización e funcións específicas das Forzas Armadas que se determinen mediante orde do ministro de Defensa.

Consecuentemente, mediante a promulgación da Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, entrou en vigor o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas, que regula a conciliación profesional, persoal e familiar dos membros das Forzas Armadas.

Por outra parte, o artigo 5 da Lei 39/2007, da carreira militar, sinala que os principios e normas de aplicación xeral ao persoal ao servizo da Administración xeral do Estado establecidos no Estatuto básico do empregado público se incorporarán ao réxime do persoal militar profesional, sempre que non contradigan a súa lexislación específica, por medio de normas regulamentarias nas cales se efectuarán as adaptacións debidas á condición militar.

Ademais, o artigo 6 da mesma lei prevé que as normas e criterios relativos á conciliación da vida profesional, persoal e familiar establecidos para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado serán aplicables aos militares coas adaptacións e desenvolvementos que sexan necesarios, así como que nas normas correspondentes se incluírán tamén as medidas que sexan de aplicación específica no ámbito das Forzas Armadas.

A experiencia adquirida desde a promulgación da Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, así como as modificacións introducidas na Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, aconsellan a súa modificación.

Neste sentido favorécese o coidado dos fillos menores de doce anos eximindo directamente de gardas, servizos, manobras e actividades análogas cando é menor de catro anos e supeditado ás necesidades do servizo até que faga os doce anos.

Tamén se modifica o concepto de familia monoparental, para os efectos das reducións de xornada por este motivo, desligándoo do aspecto retributivo, polo que non será necesario que o militar titular dunha familia monoparental sexa o sustentador único da familia e exímese directamente de gardas, servizos, manobras e actividades análogas.

Ademais, establécese que os matrimonios ou parellas de militares con fillos menores de doce anos poidan desfrutar de, ao menos, cinco días de vacacións estivais xuntos, cos requisitos que se establecen.

Inclúense tamén medidas para favorecer a conciliación nos casos de redución de xornada por participar o outro proxenitor tamén militar en operación, despregamento ou misión, eliminando a necesidade de que a duración mínima da actividade sexa de trinta días e eximindo o proxenitor que desfruta da redución de xornada directamente de gardas, servizos, manobras e actividades análogas.

Tamén se establece como novidade unha nova modalidade de redución de xornada para os casos de custodia compartida, de modo que poida desfrutarse nos períodos alternos en que se teña a custodia do menor.

Favorécese o coidado dos familiares de modo que cando a licenza por asuntos propios sexa por coidado de familiar con enfermidade grave pode solicitarse anualmente. Ademais,

nos casos de redución de xornada por coidado dunha persoa con discapacidade psíquica, física ou sensorial debidamente acreditada, exímese directamente de gardas, servizos, manobras e actividades análogas.

Por outra parte, inclúense normativamente novos permisos recollidos na Lei do Estatuto básico do empregado público, como o de xestión retribuída desde as 37 semanas de embarazo e a ampliación do de paternidade. Prevese tamén unha redución de xornada para vítimas do terrorismo, en similitude ao que ocorre na Administración xeral do Estado. Tamén se regula un novo permiso específico para deportistas de alto nivel de conformidade co Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.

Tamén se regulan os prazos en que opera o silencio positivo no seo dos procedementos de concesión dun permiso, licenza ou redución de xornada.

Durante a súa tramitación, sobre o proxecto desta orde ministerial emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, o Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiu informe sobre el.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, oído o Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas.*

A Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas, queda modificada da seguinte maneira:

Un. O artigo 1 queda redactado como segue:

«Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto fixar o réxime de permisos, vacacións, reducións de xornada e licenzas para o persoal militar, cuxo desfrute se configura como un dereito de carácter profesional, conforme o artigo 22.3 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, para facer efectivo o dereito ao descanso do militar e a conciliación da vida profesional, persoal e familiar, e que será o establecido para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado coas adaptacións introducidas na presente disposición.»

Dous. Modifícase o artigo 3, en que se introduce un novo número 2, e o número 2 pasa a ser o 3, cunha nova redacción:

«2. As necesidades do servizo deberán estar sometidas aos criterios de oportunidade, proporcionalidade e excepcionalidade.

3. A aplicación do criterio de necesidades do servizo farase sempre de forma xustificada, motivada e individualizada, e tomando en consideración o dereito ás medidas de conciliación da vida profesional, persoal e familiar e os seus criterios de aplicación. En todo caso, comunicarase ao militar afectado a decisión adoptada por escrito.»

Tres. Introdúcese un novo artigo 3 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 3 ter. *Acreditación.*

1. As circunstancias que dean lugar ao posible desfrute de permisos, reducións de xornada e licenzas para o persoal militar deberán estar debidamente acreditadas

e, se for o caso, mediante o correspondente informe facultativo, salvo para os permisos por días de asuntos particulares.

2. Considéranse persoas con discapacidade todas aquelas ás cales se lles recoñece un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, de conformidade co artigo 4.2 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.»

Catro. O número 3 do artigo 5 queda redactado como segue:

«3. Para determinar o número de días de vacacións anuais a que se ten dereito, non computarán como tal os períodos permanecidos como alumnos do ensino de formación en centros docentes militares, en licenza por asuntos propios ou por estudos sen retribución, nos supostos en que o militar se encontre en suspensión de funcións ou de emprego, nin naquelas situacións administrativas que comporten a suspensión da condición militar. Tampouco computará o tempo permanecido na situación de servizo activo pendente de asignación de destino, nin na de reserva sen ocupar destino, salvo nos supostos de encontrarse en comisión de servizo.»

Cinco. Modifícase a letra b) do artigo 6 e introdúcese unha nova letra h), que quedan coa seguinte redacción:

«b) Falecemento, accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario acreditado. O militar terá dereito por falecemento, accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario acreditado, dun familiar dentro do primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade, aos días que se determinan na norma terceira do anexo I.»

«h) Por participación en competicións oficiais de carácter nacional ou internacional, así como nas concentracións preparatorias destas. O militar terá dereito aos días de permiso necesarios para asistir a competicións oficiais de carácter internacional, así como ás concentracións preparatorias destas, de conformidade co artigo 11.5 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento. Este permiso concederáse aos militares que acrediten a súa condición de deportistas de alto nivel de conformidade co artigo 2.2 e 3 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, e a vixencia da dita condición, conforme o artigo 16 do citado real decreto.»

Seis. Modifícase a redacción das letras d), e), f) e g) do artigo 7 e engádesse unha nova letra i), que quedan redactadas do seguinte modo:

«d) Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto. A militar embarazada terá dereito a ausentarse do traballo para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, polo tempo necesario para a súa práctica e logo de xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo. O mesmo dereito terá o militar en caso de embarazo da súa cónxuxe ou parella de feito polo tempo necesario para a súa práctica e logo de xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.

Así mesmo, o militar, nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, poderá ausentarse, logo de xustificación, o tempo indispensable para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade, que deban realizarse dentro da xornada de traballo.

e) Parto, adopción, garda con fins de adopción, ou acollemento. A militar, no caso de parto, terá dereito a un permiso polo tempo e nas formas que se determina

na norma sexta do anexo I. Este permiso ampliarase no suposto de discapacidade do fillo e por cada fillo a partir do segundo. Nos supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento familiar de menores preadoptivo, permanente ou simple, o militar poderá desfrutar do tempo que se determina na citada norma sexta do anexo de referencia.

Durante o desfrute deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

f) Paternidade. O militar pai ou proxenitor legalmente recoñecido poderá desfrutar dun permiso de paternidade polo nacemento, acollemento, adopción ou garda con fins de adopción dun fillo, polo tempo que se determina na norma sétima do anexo 1 desta orde ministerial, a partir da data de nacemento, da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.

O desfrute deste permiso producirase dentro dos nove meses seguintes á data do nacemento do fillo, da resolución xudicial ou da decisión administrativa antes indicada, cando así o solicite, ao inicio do permiso, o proxenitor que vaia desfrutar del.

O desfrute deste permiso é independente do permiso por lactación regulado no artigo 7.g) desta orde.

Este permiso é independente do desfrute compartido dos permisos recollidos na letra e) anterior.

g) Lactación. O militar terá dereito, por lactación dun fillo menor de doce meses, ao tempo de ausencia do traballo que figura na norma oitava do anexo I. Este dereito poderá ser exercido indistintamente por un ou outro dos proxenitores e poderase desfrutar inmediatamente a partir da finalización do permiso por parto ou de paternidade. Este permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

A redución de xornada por lactación dun fillo menor de doce meses é acumulable coa de garda legal e cos outros permisos a que se teña dereito, e non se contabilizará aquela na diminución de retribucións.

A redución de xornada por lactación dun fillo menor de doce meses exonerará o solicitante da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que interfiran co exercicio deste dereito.

En calquera caso, a exoneración das gardas, servizos, manobras ou actividades análogas esgotarase unha vez transcorrido o período que se determina no anexo de referencia, cando se opte pola acumulación do mencionado permiso en xornadas completas.»

«i) Xestación. A militar en estado de xestación terá dereito ao permiso que figura na norma novena do anexo I.»

Sete. Dáse unha nova redacción ao número 1 do artigo 8, que queda como segue:

«1. As militares vítimas de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución ou á reordenación do tempo de traballo a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, sempre que acredite tal situación de conformidade co artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.»

Oito. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 9, que quedan redactados do seguinte modo:

«2. A exoneración das gardas, servizos, manobras e actividades análogas considerarase como medida accesoria ao dereito que se recoñece no número anterior.

A mencionada exoneración terá vixencia tanto nos días hábiles como inhábiles, incluídos festivos, e afectará os actos institucionais e as patroas que coincidan con días inhábiles, incluídos festivos. Suporá que a persoa sobre a cal se aplica só realizará actividades dentro do horario habitual de traballo da súa unidade de destino, minorado de acordo coa redución que teña concedida. Non se poderán realizar variacións ou adaptacións do horario establecido con carácter xeral para posibilitar a prestación de gardas, servizos, manobras e actividades análogas deste persoal que contraveñan a exoneración concedida, especialmente no caso de lactación.

3. En todos os casos, as necesidades do servizo valoraranse de maneira individualizada, caso por caso, tendo en conta as circunstancias específicas da unidade, centro ou organismo onde o militar preste servizos. Se as necesidades do servizo se ven afectadas por circunstancias sobrevidas, o xefe da unidade, centro ou organismo correspondente, de maneira motivada, poderá reconsiderar a exoneración das gardas, servizos, manobras ou actividades análogas das cales o militar fose exonerado, e comunicarllo ao interesado coa maior brevidade posible e por escrito en canto as circunstancias o permitan.»

Nove. Dáse unha nova redacción ao artigo 11, que queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Redución de xornada por participación en operación, despregamento ou misión.*

1. O militar terá dereito á redución de xornada de entre unha hora a un medio da xornada laboral por razón da garda legal dun menor de doce anos, coa diminución proporcional das súas retribucións, durante o tempo que o outro proxenitor, tamén militar, se encontre participando nunha operación, despregamento ou misión no estranxeiro ou territorio nacional, polo tempo que dure a mencionada actividade.

2. Neste caso, o militar quedará exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas no seu lugar de destino que interfiran co desfrute da redución de xornada.»

Dez. Dáse unha nova redacción ao número 3 do artigo 12, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Ante os supostos anteriores, o militar poderá quedar exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas no seu lugar de destino que interfiran co desfrute da redución de xornada cando as necesidades do servizo o permitan, ben que, no caso de que o militar teña ao seu coidado directo unha persoa con discapacidade psíquica, física ou sensorial, debidamente acreditado, quedará exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que interfiran co desfrute da redución de xornada.»

Once. Dáse unha nova redacción ao artigo 13, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Redución de xornada por razón de garda legal dun fillo menor de doce anos.*

1. O militar terá dereito a unha redución de xornada por razón da garda legal dun fillo menor de doce anos, dunha hora a un medio da xornada laboral, coa diminución proporcional das súas retribucións.

2. O militar que desfrute deste dereito, cando o menor non fixese os 4 anos, quedará exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas no seu lugar de destino que interfiran co desfrute da redución de xornada.

3. Cando o menor polo cal se concedese a redución de xornada teña unha idade comprendida entre os catro e até que faga os doce anos, o militar poderá

quedar exonerado, cando as necesidades do servizo o permitan, da realización das gardas, servizos, manobras e actividades análogas no seu lugar de destino.

Non obstante, o militar que desfrute deste dereito, cando o outro proxenitor, tamén militar, fose destinado con carácter forzoso ou en comisión de servizo forzosa a outra área xeográfica distinta á do domicilio familiar, conforme a Orde ministerial 66/2016, do 29 de novembro, quedará exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas no seu lugar de destino que interfiran co desfrute da redución de xornada. Esta exoneración manterase durante 1 ano desde a data de incorporación ao destino forzoso do outro proxenitor.

4. Se ao militar que desfruta redución de xornada por garda legal lle é concedido permiso por maternidade ou paternidade, interromperanse os efectos da redución de xornada, e deberanse percibir integramente as retribucións que correspondan mentres dure o citado permiso.

5. Cando o militar teña a garda e custodia legal do menor de doce anos en réxime compartido, poderá solicitar a redución de xornada unicamente durante os períodos en que desfrute da custodia do menor, acreditado conforme o establecido no convenio regulador ou sentenza firme en que se adopte o dito sistema.»

Doce. Dáse unha nova redacción ao artigo 14, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Redución de xornada por razón da garda legal dun fillo menor de doce anos cando o militar sexa proxenitor ou titor dunha familia monoparental.*

O militar terá dereito á redución de xornada por razón da garda legal dun fillo menor de doce anos dunha hora a un medio da xornada laboral, coa diminución proporcional das súas retribucións, cando sexa proxenitor ou titor nunha familia monoparental. Para estes efectos entenderase como tal a constituída por un só proxenitor con que convive o fillo nacido ou adoptado, responsable exclusivo do seu coidado e atención, como consecuencia de viuvez, divorcio ou separación cun réxime de garda e custodia exclusiva do menor, abandono familiar do outro proxenitor, nais solteiras ou adopción por parte de persoas solteiras. Nestes casos o militar quedará exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas no seu lugar de destino que interfiran co desfrute da redución de xornada.»

Trece. Engádesse un novo artigo 16 bis, coa seguinte redacción:

«16 bis. *Redución de xornada para vítimas do terrorismo.*

1. Para facer efectivo o seu dereito á protección e á asistencia social integral, os militares que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos, sempre que teñan a condición de militares e de vítimas do terrorismo de acordo coa lexislación vixente, así como os militares ameazados nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, logo do recoñecemento do Ministerio do Interior ou de sentenza xudicial firme, terán dereito á redución da xornada dunha hora a un medio da xornada laboral con diminución proporcional das retribucións.

2. Nestes casos, o militar poderá quedar exonerado, cando as necesidades do servizo o permitan, da realización das gardas, servizos, manobras e actividades análogas no seu lugar de destino.

3. A dita medida será adoptada e mantida no tempo mentres que resulte necesaria para a protección e asistencia social integral da persoa á cal se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza a que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente.»

Catorce. Engádesse un novo capítulo IV bis e un novo artigo 16 ter, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO IV BIS

Apoio á formación

16 ter. *Cursos de formación profesional para o emprego.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría, cunha relación de servizos de carácter temporal, aos cales lles falten menos de dous anos para a finalización do compromiso de longa duración por idade, incluída a ampliación prevista no artigo 17.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, quedarán exonerados da realización de gardas e servizos de vinte e catro horas que lles impidan a asistencia aos cursos de formación profesional, grao ou formación para o emprego que se encontren realizando, cando as faltas de asistencia acumuladas como consecuencia do servizo excedan a metade da porcentaxe establecida como causa de baixa na convocatoria do curso, e sempre e cando se acredite o aproveitamento do curso. Esta exoneración estará supeditada ás necesidades do servizo.»

Quince. Engádesse un segundo parágrafo ao número 1 do artigo 18, coa seguinte redacción:

«No caso de que esta licenza se solicite por motivo de enfermidade grave dun familiar de primeiro grao, poderá concederse por cada ano de servizos efectivos prestados.»

Dezaseis. Engádesse un segundo parágrafo ao número 1 do artigo 19, coa seguinte redacción:

«Tamén poderá concederse para a realización de estudos que proporcionen a formación adecuada para que os militares de complemento e os de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal se poidan incorporar ao ámbito laboral.»

Dezasete. Modifícanse os números 3 e 5 do artigo 22, que quedan redactados como segue:

«3. En todos os casos deberá indicar que as condicións establecidas poderán ser revogadas ou modificadas cando varíen as necesidades do servizo ou calquera outro condicionante, e comunicárselle ao interesado esta circunstancia no menor prazo de tempo posible desde que se detecten as necesidades do servizo e por escrito en canto as circunstancias o permitan.»

«5. A concesión dunha redución de xornada que comporte unha diminución proporcional das retribucións básicas e complementarias entenderase sen prexuízo das competencias sobre concesión ou cesamento na percepción dos complementos de dedicación especial e produtividade atribuídas ás autoridades na normativa vixente. A redución de xornada é compatible coa percepción do complemento de dedicación especial, cando corresponda de conformidade co artigo 3.4 do Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro.»

Dezaoito. Dáse unha nova redacción ao artigo 23, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 23. *Concesión de vacacións, permisos e reducións de xornada.*

1. O xefe de unidade, centro ou organismo está obrigado a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala. En caso de silencio administrativo,

este será positivo conforme o disposto no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo que unha norma con rango de lei autorice o silencio negativo.

2. A autoridade que concedeu as vacacións ou o permiso poderá ordenar a incorporación ao destino cando sobreveñan necesidades do servizo que así o exixan.

3. As solicitudes formuladas nos seguintes procedementos entenderanse estimadas, sen que se ditase resolución expresa, unha vez transcorridos os prazos máximos de resolución que se sinalan a continuación:

a) Permisos:

- i. Días por asuntos particulares: dez días hábiles.
- ii. Falecemento, accidente, enfermidade moi grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario acreditado dun familiar dentro do primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade: un día hábil.
- iii. Traslado de domicilio: dez días hábiles.
- iv. Exames finais e probas definitivas de aptitude: dez días hábiles.
- v. Participación en cursos da Administración civil: dez días hábiles.
- vi. Participación en cursos para a reorientación profesional: dez días hábiles.
- vii. Cumprimento dun deber inescusable: tres días hábiles.
- viii. Matrimonio: dez días hábiles.
- ix. Técnicas de fecundación e reprodución asistida: dez días hábiles.
- x. Persoas dependentes ao seu cargo: tres días hábiles.
- xi. Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto: tres días hábiles.
- xii. Asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento: dez días hábiles.

xiii. Parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento:

Parto: un día hábil.

Adopción, garda con fins de adopción ou acollemento: tres días hábiles.

- xiv. Paternidade: un día hábil.
- xv. Lactación: un día hábil.
- xvi. Xestación: dez días hábiles.
- xvii. Permiso por razón de violencia de xénero: un día hábil.

b) Reducións de xornada:

- i. Por razón de enfermidade moi grave: un día hábil.
- ii. Por participación en operación, despregamento ou misión: dez días hábiles.
- iii. Para o coidado directo dunha persoa maior que requira especial dedicación ou discapacitado: dez días hábiles.
- iv. Por razón de garda legal dun fillo menor de doce anos: dez días hábiles.
- v. Nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que teñan que permanecer no hospital: un día hábil.
- vi. Para o coidado dun fillo menor de idade afectado por cancro ou calquera outra enfermidade grave: un día hábil.
- vii. Para vítimas do terrorismo: dez días hábiles.

4. En caso de que o interesado desista nun procedemento de concesión dun permiso, redución de xornada ou licenza aínda non finalizado, o xefe de unidade deberá resolver nos mesmos prazos que os recollidos no número anterior, e o silencio, se for o caso, terá carácter estimatorio.»

Dezanove. Dáse unha nova redacción ao número 3 do artigo 24, coa seguinte redacción:

«3. O xefe de unidade, centro ou organismo emitirá informe sobre a solicitude e remitiraa, nun prazo de cinco días hábiles, á autoridade competente para resolver. A dita autoridade resolverá e notificará ao interesado a súa resolución no prazo dun mes contando a partir da recepción. En caso de silencio administrativo, este será positivo conforme o disposto no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo que unha norma con rango de lei autorice o silencio negativo.»

Vinte. O artigo 25 queda modificado da seguinte maneira:

«Artigo 25. *Recursos.*

Contra as resolucións e actos administrativos que se adopten no exercicio das competencias atribuídas nesta orde ministerial poderanse interpor os recursos administrativos e xurisdicionais que sexan pertinentes, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En caso de recursos administrativos, o mando ou autoridade competente para resolvelos solicitará informe preceptivo á Secretaría Permanente do Observatorio Militar para a Igualdade entre Mulleres e Homes nas Forzas Armadas.»

Vinte e un. Engádense dous novos números 6 e 7 á norma primeira do anexo I, coa seguinte redacción:

«6. No suposto de ter completado os anos de antigüidade na Administración que se indican, terase dereito ao desfrute dos seguintes días de vacacións anuais:

Quince anos de servizo: vinte e tres días hábiles.

Vinte anos de servizo: vinte e catro días hábiles.

Vinte e cinco anos de servizo: vinte e cinco días hábiles.

Trinta ou máis anos de servizo: vinte e seis días hábiles.

Os ditos días poderanse desfrutar desde o día seguinte ao de cumprimento dos correspondentes anos de servizo.

7. Os membros dun matrimonio ou parella de feito entre militares poderán desfrutar de, ao menos, cinco días hábiles de vacacións nas mesmas datas no período de vacacións escolares estivais cando teñan ao seu cargo un fillo menor de doce anos e tendo en conta as necesidades do servizo.»

Vinte e dous. Dáse unha nova redacción á norma segunda do anexo I, que queda redactada do seguinte modo:

«Segunda. *Días por asuntos particulares.*

Por asuntos particulares, seis días ao ano.

Recoñécense até dous días adicionais de permiso por asuntos particulares desde o día seguinte ao do cumprimento do sexto trienio, que se incrementarán, como máximo, nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.

O militar que non puidese desfrutar dos seus días por asuntos particulares durante o ano correspondente por necesidades do servizo debidamente xustificadas e motivadas por razóns operativas ou de funcionamento das unidades, centros e organismos poderá desfrutar dos ditos días durante o primeiro semestre do ano seguinte.»

Vinte e tres. Dáse unha nova redacción á norma terceira do anexo I, que queda redactada do seguinte modo:

«Terceira. *Falecemento, accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario.*

1. Por falecemento, accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario acreditado dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade de destino ou residencia autorizada do militar, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade. Este último prazo ampliarase en dous días hábiles se o militar debe desprazarse desde o estranxeiro por encontrarse alí destinado ou entre arquipélagos, entre calquera destes e as cidades de Ceuta ou Melilla, entre a península e calquera dos arquipélagos ou as cidades de Ceuta ou Melilla, e entre ambas.

2. Por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario acreditado dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade e se produza na mesma localidade de destino ou residencia autorizada do militar, dous días hábiles, e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade. Este último prazo ampliarase en dous días hábiles se o militar debe desprazarse desde o estranxeiro por encontrarse alí destinado ou entre arquipélagos, entre calquera destes e as cidades de Ceuta ou Melilla, entre a península e calquera dos arquipélagos ou as cidades de Ceuta ou Melilla, e entre ambas.»

Vinte e catro. Dáse unha nova redacción ao título e aos números 6, 7 e 8 da norma sexta do anexo I, que queda redactada do seguinte modo:

«Sexta. *Permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.*

6. O militar terá dereito nos supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento familiar de menores preadoptivo, permanente simple, a un permiso de dezaseis semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do menor adoptado ou acollido e por cada menor, a partir do segundo, nos supostos de adopción ou acollemento múltiple.

7. Nos supostos que se recoñecen no punto anterior, o cómputo do prazo das dezaseis semanas contarase, á elección do militar, a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou garda con fins de adopción ou a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a un desfrute superior ao das dezaseis semanas.

8. No caso de que ambos os proxenitores traballen, o permiso distribuirase a opción dos interesados, que poderán desfrutalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre en períodos ininterrompidos. No caso de desfrute simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder as dezaseis semanas ou as que xa correspondan en caso de adopción, garda con fins de adopción, ou acollemento múltiple e de discapacidade do menor adoptado ou acollido.»

Vinte e cinco. Dáse unha nova redacción á norma sétima do anexo I, que queda redactada do seguinte modo:

«Sétima. *Permiso de paternidade.*

Polo nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo, dezaseis semanas.

Nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple, o permiso ampliarase en dúas semanas máis por cada fillo a partir do segundo. A mesma ampliación se producirá en caso de discapacidade do menor. Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o

neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

En calquera caso, este permiso non é transferible e distribuirase, a opción da persoa solicitante, sempre que:

1.º As catro primeiras semanas sexan de disfrute de maneira ininterrompida e inmediatamente posteriores á data do parto, da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

2.º As doce semanas restantes non sexan simultáneas, senón anteriores ou sucesivas, e ininterrompidas, ás semanas sete a dezaseis do permiso de parto ou ás semanas cinco a dezaseis do permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, do outro proxenitor.

Tamén se poderá autorizar, cando así se solicite previamente, que o inicio do permiso teña lugar nunha data posterior á do nacemento do fillo, da resolución xudicial ou da decisión administrativa antes indicadas, sempre que sexa antes da finalización do correspondente permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou inmediatamente despois da súa finalización.

Nos supostos en que, por necesidades do servizo, o militar comisionado nunha misión internacional non disfrutase do permiso por paternidade, disfrutará del á volta da súa comisión no exterior, sen prexuízo do resto de permisos que lle poidan corresponder.»

Vinte e seis. Engádesse unha nova norma novena ao anexo I, coa seguinte redacción:

«Novena. *Xestación.*

A militar en estado de xestación terá dereito a un permiso desde o día primeiro da semana 37 de embarazo até a data de parto.

No suposto de xestación múltiple, este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo até a data de parto.»

Vinte e sete. Engádesse un novo número 4 ao anexo II, coa seguinte redacción:

«4. Retribucións para o persoal que disfrute dunha redución de xornada e non estea exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas.

Nos casos de redución de xornada sen exoneración de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas, non se descontarán retribucións nin os días en que se prestan as gardas, servizos ou actividades análogas, nin aqueles en que se disfruta dos descansos regulados na Orde DEF/1363/2016, do 28 de xullo, pola que se regulan a xornada e o réxime de horario habitual no lugar de destino dos membros das Forzas Armadas.»

Vinte e oito. Engádesse unha nova disposición transitoria terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Implementación progresiva do permiso de paternidade de dezaseis semanas.*

Sen prexuízo do disposto na norma sétima do anexo 1 sobre a duración do permiso de paternidade, teranse en conta os seguintes períodos graduais de aplicación:

a) En 2019: permiso de oito semanas, con catro semanas inmediatamente posteriores á data do parto, decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou resolución xudicial pola que se constitúa a adopción; e catro

semanas desfrutadas de forma ininterrompida, anteriores ou sucesivas ao descanso do outro proxenitor. En caso de falecemento da nai, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, se for o caso, da parte que reste de permiso.

b) En 2020: permiso de doce semanas, con catro semanas inmediatamente posteriores á data do parto, decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou resolución xudicial pola que se constituía a adopción; e oito semanas desfrutadas de forma ininterrompida, anteriores ou sucesivas ao descanso do outro proxenitor. En caso de falecemento da nai, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, se for o caso, da parte que reste de permiso.

c) En 2021: permiso de dezaseis semanas, con catro semanas inmediatamente posteriores á data do parto, decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou resolución xudicial pola que se constituía a adopción; e doce semanas desfrutadas de forma ininterrompida, anteriores ou sucesivas ao descanso do outro proxenitor.»

Disposición transitoria única. *Permisos de paternidade.*

O disposto antes da entrada en vigor desta orde ministerial no anexo I, número sétimo, sobre permisos de paternidade, da Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, modificado pola Resolución 430/38026/2017, do 7 de febreiro, da Subsecretaría, seguirá vixente até que entre en vigor a norma que prevexa a ampliación do permiso de paternidade até dezaseis semanas para o resto do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto os números vinte e cinco e vinte e oito, sobre permiso de paternidade, que entrarán en vigor o mesmo día que entre en vigor a norma que prevexa a ampliación do permiso de paternidade até dezaseis semanas para o resto do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

Madrid, 8 de febreiro de 2019.—A ministra de Defensa, Margarita Robles Fernández.